

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Orde do 4 de marzo de 2005 pola que se determina o importe máximo das axudas que se poderán outorgar no exercicio orzamentario de 2005 ao abeiro do Decreto 233/2003, do 3 de abril, de axudas aos concellos para a infravivenda rural.

O Decreto 233/2003, do 3 de abril, constitúe o marco normativo polo que se regula a concesión de axudas aos concellos para a infravivenda rural.

O seu artigo 5 dispón que estas axudas se atenderán da forma que será establecida mediante ordes anuais da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda que cuantificarán as disponibilidades orzamentarias que se poidan consignar en cada exercicio económico.

A súa disposición derradeira primeira faculta o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para ditar, no marco das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do referido decreto.

En uso da referida autorización,

DISPOÑO:

Artigo único.-Para os efectos do disposto no artigo 5 do Decreto 233/2003, do 3 de abril, determínase:

1. A aplicación do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, onde figuran os créditos con cargo aos que serán atendidas as axudas do Decreto 233/2003 é a 06.60.331A.760.0.

2. O importe máximo destas axudas que se poderán outorgar dentro do exercicio orzamentario de 2005 será de 1.700.000 euros.

3. O importe máximo destas axudas poderá incrementarse en función das solicitudes que obteñan a declaración definitiva de rehabilitación protexida e en función das disponibilidades orzamentarias con cargo á mesma aplicación.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2005.

Alberto Núñez Feijoo

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 4 de marzo de 2005 pola que se convocan bolsas e axudas para a asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares e cursos de verán, destinadas a estudantes universitarios.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31º, establece como competencia plena da Comunidade

Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro (BOE do 19 de xaneiro, *Diario Oficial de Galicia* do 17 de febreiro) transferiulle á Comunidade Autónoma competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola Comunidade Autónoma e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 62/1988, do 17 de marzo (*Diario Oficial de Galicia* do 8 de abril).

A Lei 11/1989, do 20 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* do 16 de agosto), de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do Sistema Universitario de Galicia con tres universidades: a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pretende continuar, con esta orde, a política de bolsas e axudas para a asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares e cursos de verán, destinadas a estudantes universitarios.

Polo que antecede, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta convocatoria ten por obxecto facilitarlle aos estudantes universitarios de segundo ciclo, terceiro ciclo (1º e 2º ano da etapa de formación) ou recentemente titulados, tanto licenciados como diplomados universitarios, nalgunha das universidades do Sistema Universitario de Galicia, a asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares e cursos de verán organizados por universidades públicas, privadas ou outras institucións de recoñecido prestixio académico, en que se traten aspectos relacionados coas materias obxecto de estudo na súa titulación ou doutoramento.

Artigo 2º.-Orzamento.

Para a concesión das axudas convocadas nesta orde destinarase a cantidade total de 52.596 euros, para a que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 07.05.322C.480.2 de acordo coa Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

As cantidades antes citadas poderán incrementarse de acordo coas disponibilidades orzamentarias.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

a) Poderán optar a estas bolsas e axudas:

-Os estudantes universitarios de segundo ciclo.

-Os estudantes universitarios de terceiro ciclo (1º e 2º ano da etapa de formación), é dicir, aos que fai referencia o artigo 6º do Real decreto 778/1998, do 30 de abril, polo que se regula o terceiro ciclo de estudos universitarios.

-Os universitarios recentemente titulados no curso académico 2003-2004 e posteriores, tanto licenciados como diplomados universitarios, nalgunha das tres universidades do Sistema Universitario de Galicia.

b) O importe máximo de cada bolsa non poderá superar os 2.000 euros segundo sexa a nota media do expediente académico, o lugar en que se vaia realizar a actividade e se presenta ou non comunicación ou póster, podéndose conceder como máximo, dúas bolsas por solicitante.

c) Só se concederán axudas para aquelas actividades que teñan unha duración mínima de 30 horas acreditadas pola entidade organizadora.

d) Estas bolsas son incompatibles coa realización dun traballo remunerado e coa concesión doutras bolsas ou axudas destinadas para o mesmo fin concedidas por outras administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

Artigo 4º.-Período.

As actividades que se subvencionan nesta convocatoria serán realizadas durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2005.

Artigo 5º.-Solicitudes.

a) As solicitudes, segundo o modelo ED432A que se publica como anexo a esta orde, presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias. Se no uso deste dereito, a solicitude é remitida por correo, presentarase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de que proceda á súa certificación.

b) As solicitudes, segundo o modelo ED432A, deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Copia do DNI/NIF do solicitante.

- Certificación académica oficial ou copia compulsada dos estudos de titulación en que figure, expresamente, a nota media final do seu expediente.

- Programa das actividades do evento, especificando horas de duración, lugar e datas de celebración.

- Declaración xurada do solicitante en que conste a vinculación existente entre as materias obxecto de estudo e as actividades a que quere asistir.

- Documento facilitado pola entidade bancaria en que conste o código de conta cliente do solicitante.

- Declaración de conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actividade, perante as distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados.

- Resumo das comunicacións ou pósters que, de ser o caso, presente o solicitante.

c) O prazo de presentación de solicitudes será de corenta días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6º.-Comisión de avaliación.

A selección dos bolseiros será realizada por unha comisión de avaliación integrada por:

- Presidente:

- O director xeral de Universidades ou, por delegación, o subdirector xeral de Universidades.

- Vogais:

- Pola Universidade de Santiago de Compostela, o vicerreitor competente na materia.

- Pola Universidade da Coruña, o vicerreitor competente na materia.

- Pola Universidade de Vigo, o vicerreitor competente na materia.

- Un representante do Servizo de Coordinación do Sistema Universitario de Galicia.

- Secretario:

- Un representante da Dirección Xeral de Universidades, que actuará con voz e voto.

En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

Artigo 7º.-Tramitación e resolución.

a) Os servizos da Dirección Xeral de Universidades comprobaran que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e exporán a lista de solicitudes, admitidas e excluídas, sinalando as causas de exclusión, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e nos das súas delegacións provinciais, nos vicerreitorías de estudantes das universidades de Galicia e na internet no enderezo <http://www.edu.xunta.es/portal/index.jsp>

Esta lista estará exposta do 6 ao 19 de maio de 2005 podendo os interesados, durante ese mesmo prazo, formular reclamación para emendar erros e falta de documentos, ante a Dirección Xeral de Universidades, achegando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerárase que o interesado desiste da súa petición logo de resolución, nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992.

b) Terán preferencia aqueles solicitantes que presenten comunicación ou póster entre todos os solicitantes que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria e teñan a documentación completa no prazo sinalado

A comisión avaliadora, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, elaborará unha relación de bolseiros beneficiarios que recibirán unha axuda económica, tendo en conta os seguintes criterios de selección:

1. Solicitantes que presenten comunicación ou póster en función do lugar de celebración:

- En Galicia: mínimo 75 euros, máximo 250 euros.

- En España/Portugal: mínimo 100 euros, máximo 400 euros.

- Resto de países europeos: mínimo 150 euros, máximo 600 euros.

- Resto de países: mínimo 200 euros, máximo 1.000 euros.

2. Solicitantes que non presenten comunicación ou póster en función do lugar de celebración:

- En Galicia: mínimo 30 euros, máximo 100 euros.

- En España/Portugal: mínimo 50 euros, máximo 200 euros.

- Resto de países europeos: mínimo 75 euros, máximo 300 euros.

-Resto de países: mínimo 100 euros, máximo 450 euros.

3. Segundo sexa a nota media do expediente académico do solicitante, a contía máxima para percibir, non poderá superar os 1.000 euros, distribuídos do seguinte xeito:

-Matrícula de honra: 4 puntos: mínimo 100 euros, máximo 1.000 euros.

-Sobresaliente: 3 puntos: mínimo 75 euros, máximo 500 euros.

-Notable: 2 puntos: mínimo 50 euros, máximo 300 euros.

-Aprobado: 1 punto: mínimo 25 euros, máximo 150 euros.

c) Efectuada a selección pola comisión, esta elevará, a través da Dirección Xeral de Universidades, un informe-proposta ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá resolución en que constará a relación de beneficiarios, a relación de suplentes, de ser o caso, e a de solicitudes excluídas coas causas de exclusión.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE nº 12, do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 8º.-Xustificación.

Os beneficiarios, no prazo máximo de 10 días naturais posteriores á finalización da actividade ou desde a publicación da resolución, no caso de terse celebrada esta antes da súa publicación, deberán presentar a seguinte documentación:

1. Declaración complementaria do conxunto das axudas, tanto das concedidas como das pendentes de resolución.

2. Fotocopia compulsada do certificado ou acreditación de asistencia á actividade para a que lle foi concedida a axuda traducido a algunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

3. Fotocopia compulsada do certificado ou acreditación de ter presentado comunicación ou póster traducido a algunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

Artigo 9º.-Pagamento.

As axudas concedidas faranse efectivas mediante libramento único e directo aos beneficiarios, trala presentación, dentro do prazo establecido, da documentación xustificativa de asistencia ao evento concedido.

Non se poderá exixir o pagamento da axuda ou subvención concedida e procederá ao reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora devengados desde o seu pagamento, segundo o disposto no artigo 78.10º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo coa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión de axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asinado nos orzamentos para este fin.

Segunda.-O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde, constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro polo beneficiario, segundo o disposto no artigo 78.10º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo coa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Terceira.-As renuncias que se produzan poderán ser substituídas pola Dirección Xeral de Universidades de acordo coa lista de suplentes que se estableza na resolución.

Cuarta.-Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee. O dito nomeamento deberá recaer noutra persoa da dirección xeral ou da universidade correspondente en virtude da súa representación.

Quinta.-Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 (BOE nº 12, do 14 de xaneiro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, producindo efectos desestimatorios a falta de resolución.

Sexta.-Os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das axudas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Universidades para ditar, no ámbito das súas competencias as disposicións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde adaptase ás normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE do 18 de novembro), xeral de subvencións e ás do seu desenvolvemento, igualmente aos artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro de acordo coa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
Y ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección General de Universidades

PROCEDIMIENTO <i>BECAS Y AYUDAS PARA LA ASISTENCIA A CONGRESOS, SIMPOSIOS, SEMINARIOS O SIMILARES Y CURSOS DE VERANO, DESTINADAS A ESTUDIANTES UNIVERSITARIOS</i>	CÓDIGO DEL PROCEDIMIENTO <i>ED432A</i>	DOCUMENTO <i>SOLICITUD</i>
---	--	--------------------------------------

DATOS DEL SOLICITANTE

APELLIDOS Y NOMBRE		DNI / NIF	
DIRECCIÓN A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			LOCALIDAD / AYUNTAMIENTO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONOS	CORREO ELECTRÓNICO
UNIVERSIDAD		FACULTAD / ESCUELA	
CARRERA QUE CURSÓ O ESTÁ CURSANDO			

DATOS DEL ACTO A CELEBRAR

TÍTULO DEL EVENTO			
CARÁCTER ☐ LOCAL ☐ NACIONAL ☐ INTERNACIONAL		PRESENTA COMUNICACIONES / PÓSTERS ☐ SÍ ☐ NO	
LUGAR DE CELEBRACIÓN			PAÍS
FECHA DE INICIO		FECHA FINALIZACIÓN	

DOCUMENTACIÓN

- ☐ 1.- COPIA DEL DNI/NIF DEL SOLICITANTE.
- ☐ 2.- CERTIFICACIÓN ACADÉMICA OFICIAL O COPIA COMPULSADA DE LOS ESTUDIOS DE TITULACIÓN EN LA QUE FIGURE, EXPRESAMENTE, LA NOTA MEDIA FINAL DE SU EXPEDIENTE.
- ☐ 3.- PROGRAMA DE LAS ACTIVIDADES DEL EVENTO, ESPECIFICANDO HORAS DE DURACIÓN, LUGAR Y FECHAS DE CELEBRACIÓN.
- ☐ 4.- DECLARACIÓN JURADA DEL SOLICITANTE EN LA QUE CONSTE LA VINCULACIÓN EXISTENTE ENTRE LAS MATERIAS OBJETO DE ESTUDIO Y LAS ACTIVIDADES A LAS QUE QUIERE ASISTIR.
- ☐ 5.- DOCUMENTO FACILITADO POR LA ENTIDAD BANCARIA EN LA QUE CONSTE EL CÓDIGO DE CUENTA CLIENTE DEL SOLICITANTE.
- ☐ 6.- DECLARACIÓN DE CONJUNTO DE TODAS LAS AYUDAS SOLICITADAS O CONCEDIDAS PARA LA MISMA ACTIVIDAD ANTE LAS DISTINTAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS COMPETENTES U OTROS ENTES PÚBLICOS O PRIVADOS.
- ☐ 7.- COMUNICACIONES O POSTERS QUE, EN SU CASO, PRESENTE EL SOLICITANTE.

LEGISLACION APLICABLE

Orden de 4 de marzo de 2005 por la que se convocan becas y ayudas para la asistencia a congresos, simposios, seminarios o similares y cursos de verano, destinadas a estudiantes universitarios.

FIRMA DEL SOLICITANTE

_____, de _____ de 200

(A rellenar por la Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
		FECHA DE ENTRADA
RECIBIDO		/ /
REVISADO Y CONFORME		FECHA DE EFECTOS
		/ /
		FECHA DE SALIDA
		/ /

Orde do 7 de marzo de 2005 pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de once bolsas para estadias de persoal dos departamentos de estudos galegos de universidades de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa colaboración en proxectos de investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

O artigo 1 do Decreto 454/2003, do 26 de decembro (*Diario Oficial de Galicia* do 19 de xaneiro), en harmonía co artigo 27 do Estatuto de autonomía para Galicia, establece a competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a promoción e ensino da lingua galega e o fomento da investigación.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 22, establece que o Goberno galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega, asesorará a Administración e os particulares, e coordinará os servizos encamiñados a conseguir os obxectivos que esa mesma lei determina.

Dentro do plan de actividades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para 2005 figura a convocatoria pública de bolsas de investigación para realizar proxectos concretos sobre lingüística, literatura, antropoloxía e historia galegas, no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, centro que debe servir de lugar de conexión e relación para os estudos que se fagan en Galicia e noutras comunidades.

O seu outorgamento enmárcase dentro das funcións atribuídas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no artigo 3 do Decreto 25/1993, do 11 de febreiro (*Diario Oficial de Galicia* nº 34, do 19 de febreiro) de creación e posta en funcionamento do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, modificado polo Decreto 330/1997, do 13 de novembro (*Diario Oficial de Galicia* nº 227, do 24 de novembro).

Por todo isto, apróbanse as seguintes bases:

Primeira.-Obxecto.

O concurso ten por obxecto a adxudicación de once bolsas de estadias e participación en actividades nos proxectos de investigación, que aparecen como anexo I, no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, destinadas a licenciados/as ou estudantes dos dous últimos anos de licenciatura, vinculados a universidades de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia que teñen centros de estudos galegos por convenio coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segunda.-Contía das bolsas.

O importe das bolsas incluirá:

-Unha asignación mensual que será de 600 euros, 700 euros ou 750 euros, coa retención fiscal que corresponda, segundo procedan de universidades españolas, da Unión Europea, ou doutros países do mundo, respectivamente. A percepción desta dotación será compatible coa do soldo habitual percibido, pero non con outro tipo de bolsa ou axuda para o mesmo plan de traballo.

-Seguro de asistencia médica e seguro combinado de accidentes.

Para o gasto que se proxecta habilitarase o crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria 07.06.353E.480.3 por unha contía máxima total de sesenta e un mil cincuenta euros (61.050 euros) para pagamento das mensualidades e para pagamento da asistencia sanitaria, correspondentes aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

O pagamento da bolsa realizarase mensualmente logo do informe do director de investigación, sempre que os traballos se desenvolvan con normalidade e de acordo coas bases establecidas.

Terceira.-Duración.

O período de gozo das bolsas será dun mínimo de dous meses e dun máximo de sete, tendo en conta que a data tope é o 31 de decembro de 2005.

A data de incorporación ao centro será dentro dos vinte días seguintes ao da notificación da adxudicación. Se o adxudicatario ou adxudicataria non se incorporase no prazo establecido perderá os dereitos inherentes á bolsa concedida, salvo causa de atraso debidamente xustificada e así apreciada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través do director xeral de Política Lingüística.

Cuarta.-Requisitos xerais.

a) Non ter sido separado anteriormente do servizo de ningunha administración ou institución como consecuencia de expediente disciplinario.

b) Ser estudante dos dous últimos anos de licenciatura ou licenciado/a de calquera das universidades coas que a Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten subscrito convenios de colaboración para a promoción e estudo do galego.

c) Non poderán participar nesta convocatoria persoas que, reunindo estes requisitos, resultasen beneficiarios destas bolsas en máis dunha ocasión en concursos anteriores do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Quinta.-Solicitudes.

As solicitudes formularanse no modelo que se xunta como anexo II e irán dirixidas ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e entregaranse na sede do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (estrada Santiago-Noia, km 3, A Barcia, 15896 Santiago de Compostela), ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación das solicitudes será de corenta días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Canda o formulario entregarase a seguinte documentación:

-Currículo, acompañando documentación que avale a totalidade dos méritos alegados.

-Certificación académica persoal completa.

-Fotocopia do DNI ou pasaporte.